CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

# ACTA 2024-18

**PRIMEIRA CONVOCATORIA**

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA**
**3 de Outubro de 2024**

**Lugar**
**SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO**

**Hora de Inicio**
**10:30**

**Hora de Finalización**
**10:39**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

**MEMBROS ASISTENTES**
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da misma, adoptáronse os seguintes

## A C O R D O S :

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 25.09.2024 (ACTA 2024/17)

A acta apróbase por unanimidade.

### 3º. APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACION DE DEBEDA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024. MEDIDA "PROGRAMA DE EMPREGABILIDADE"

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2024**, (**BOP núm. 290, do 20.12.2023**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 16.01.2024** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Continúa explicando que polo que respecta ao programa de gasto corrente, o concello incluíu a seguinte medida:

Denominación: **Plan Municipal de Empregabilidade.**
Orzamento totaL **56.000,00 euros.**
Achega provincial: **56.000,00 euros.**

Chegado o momento actual de execución orzamentaria, superouse o gasto a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes.

SANTIAGO DE LORENZO TABOADA (1 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 07/10/2024
HASH: b30dc989975d8dc6349f8c91cb750c7e

Vicente Gómez García (2 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 07/10/2024
HASH: 6a601c68e4c3fb49815e493b57dad226

Cod. Validación: 9KSJWG2XLTP35Q3AW9HXTAQR9
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Para elo, vista a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada favorablemente pola Intervención municipal, procede adoptar acordo de aprobación da mesma e de remisión da documentación oportuna á Deputación Provincial para o libramento dos fondos correspondentes.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

**PRIMEIRO**: Aprobar a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención, de acordo có seguinte resumo:

| CONTRATACIÓN | DURACIÓN | SOLDO | S.SOC. EMPRESA | TOTAL GASTOS |
|---|---|---|---|---|
| ÁLVARO LÓPEZ FERNÁNDEZ | 16.04- 15.07 | 3.835,99 | 1.523,30 | 5.359,29 |
| ANA MARÍA ESTÉVEZ ALVAR | 06.05-05.07 | 2.838,30 | 949,07 | 3.787,37 |
| MARÍA DINA LORENÇO GOMES | 06.05-05.07 | 2.838,30 | 949,07 | 3.787,37 |
| XIANA ROLÁN GONZÁLEZ | 01.07-31.08 | 2.198,31 | 720,93 | 2.919,24 |
| INÉS PEDROSA PÉREZ | 01.07-31.08 | 2.198,31 | 720,93 | 2.919,24 |
| LARA FERNÁNDEZ MORAIS | 01.07-31.08 | 2.198,31 | 720,93 | 2.919,24 |
| IRIA GARCÍA GIL | 01.07-31.08 | 2.198,31 | 720,93 | 2.919,24 |
| ANTÍA SALGADO SALGADO | 01.07-31.08 | 2.198,31 | 720,93 | 2.919,24 |
| RICARDO RODRÍGUEZ VEIGA | 01.04-30.09 | 8.034,00 | 3.046,61 | 11.080,61 |
| JOSÉ ANTONIO SALGADO GARCÍA | 16.04-30-09 | 8.685,50 | 2.893,16 | 11.578,66 |
| MANUEL SERAFIN SALGADO RIVERA | 01.07-30.09 | 6.480,31 | 2.082,13 | 8.562,44 |
| **TOTAIS PARCIAIS** | | 43.703,95 | 15.047,99 | 58.751,94 |
| **GASTOS TOTAIS RETRIBUCIÓNS DE PEROSAL** | | | | **58.751,94** |

Os postos desempeñados polos traballadores contratados foron:

- Álvaro López Fernández: peón de servizos xerais.
- Ana María Estévez Alvar: peón de espazos naturais.
- María Dina Lourenço Gomes: peón de espazos naturais.
- Xiana Rolán González: monitora ludoteca.
- Inés Pedrosa Pérez: monitora ludoteca.
- Lara Fernández Morais: monitora ludoteca.
- Iria García Gil: monitora ludoteca.
- Antia Salgado Salgado: monitora ludoteca.
- Ricardo Rodríguez Veiga: peón de xervizos xerais.
- José Antonio Salgado García: chófer máquina desbrozadora.
- Manuel Serafin Salgado Rivera: encargado xeral

**SEGUNDO:** Declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda por importe de **56.000,00 euros (cincuenta e seis mil euros),** mediante Resolución da Excma. Deputación Provincial de Ourense; e que igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.

Cod. Validación: 9KSJWG2XLTP35Q3AW9HXTAQR9
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

**TERCEIRO:** Declarar que a xustificación da subvención concedida, refírese ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención:

| PROXECTO SOLICITADO | EUROS | PROXECTO FINAL | EUROS |
|---|---|---|---|
| Plan Municipal de Empregabilidade | 56.000,00 | Plan Municipal de Empregabilidade | 58.751,94 |
| Total | 56.000,00 | Total | 58.751,94 |

**CUARTO:** Declarar que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

**SEXTO:** Declarar que o concello de Castrelo do Val atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

**SÉTIMO:** Declarar que na execución da actuación cumpriuse coas bases do Plan provincial para o exercicio **2024**.

**OITAVO**: Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Ourense e solicitar o ingreso dos fondos correspondentes nas arcas municipais.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente O Secretario

Cod. Validación: 9KSJWG2XLTP35Q3AW9HXTAQR9
Corrección: https://castrelodoval.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3